

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA, PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE BURELA EN RELACIÓN COAS ACTUACIÓNS NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO PARA A EXECUCIÓN E MANTEMENTO DAS OBRAS "MELLORA DO SISTEMA DE SANENAMENTO DE BURELA. FASE I. NOVO COLECTOR XERAL DE BURELA. BURELA (LUGO). OH.327.646"

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Susana Lenguas Gil, en nome e representación da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia, na súa calidade de Presidenta, cargo para o que foi nomeada por Decreto 80/2019, do 11 de xullo (D.O.G. do 12 de xullo), con domicilio aos efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A, 6º, Área Central, Polígono de Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 12.3.a) e 12.3.g) da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de EPE Portos de Galicia (D.O.G. do 14.12.2017).

E doutra parte, Alfredo Llano García, alcalde do concello de Burela proclamado por acordo do Pleno de constitución da corporación celebrado o día 7 de decembro de 2019, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.

Todas as partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto



EXPOÑEN

1. O 25 de abril de 2022 a Dirección de Augas de Galicia por delegación da Presidencia acordou aprobar a colaboración técnica solicitada polo Concello de Burela para a execución da obra “Mellora do sistema de saneamento de Burela. Fase I. Novo colector xeral de Burela. Burela (Lugo)”, de clave OH.327.646, a prestar por Augas de Galicia, así como o seu financiamento nunha porcentaxe do 100% con cargo aos orzamentos da dita entidade pública.

Coa citada actuación preténdese mellorar a capacidade dos colectores existentes, evitar os alivios sen tratamento previo e concentrar, nun único punto, as augas para bombear á nova EDAR, funcionando como bombeo de cabeceira.

2. Así mesmo, Augas de Galicia ten intención de colaborar con Concello de Burela para licitar e executar a actuación “Mellora do sistema de saneamento de Burela. Nova EDAR de Burela. Burela (Lugo), de clave OH.327.694.

3. Para a execución das obras de referencia cómpre ocupar terreos pertencentes ao Dominio Público Marítimo-Terrestre e Zona de Servidume, e están incluídos na zona de adscrición do Porto de Burela, competencia de Portos de Galicia de conformidade co estipulado na Lei 6/2017, de 12 de decembro, de portos de Galicia .

4. A execución de infraestruturas de saneamento coma as que se pretende acometer resulta beneficiosa non so para a vila, senón tamén para a explotación futura das instalacións portuarias.



5. Na documentación técnica elaborada por Augas de Galicia, xustifícase a localización da depuradora no porto de Burela, baseándose na configuración da rede de saneamento de Burela, os condicionantes topográficos e a configuración da trama urbana de Burela. No informe se estudia a viabilidade de outras ubicacións, que quedan descartadas polos motivos mencionados. O proxecto obxecto deste convenio non implica unha modificación exterior do ámbito da EDAR.

Por iso, dado o interese coincidente de todas as partes na execución desta obra, acordan regular os seus compromisos en relación coa posta a disposición de terreos, execución, titularidade, mantemento, limpeza e mellora da parte da obra que discorre polo Porto de Burela, que figura no anexo I, e formalizan este convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a entidade pública empresarial Portos de Galicia e o concello de Burela, para determinar as condicións nas que Portos de Galicia autoriza a execución das obras que se definen no proxecto “Mellora do sistema de saneamento de Burela. Fase I. Novo colector xeral de Burela. Burela (Lugo)”, de clave OH.327.646, na parte que se desenvolve no dominio público portuario (no Porto de Burela).



Concretamente o dominio público portuario no que se desenvolverán as citadas actuacións reflíctese no plano anexo I a este convenio.

SEGUNDA. OBRIGAS DAS PARTES

A. OBRIGAS DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

1. Respetar as actuacións establecidas na execución das obras no Porto de Burela definidas no proxecto "Mellora do sistema de sanemento de Burela. Fase I. Novo colector xeral de Burela. Burela (Lugo)", de clave OH.327.646".
2. Así mesmo:
 - Remitir o proxecto construtivos de referencia a Portos de Galicia para informe preceptivo.
 - Velar porque a reposición dos pavimentos afectados igualem ou superen as actuais prestacións en canto a calidade (pavimento de formigón e aglomerado asfáltico) e dimensionamento (espesores, composición, densidades, etcétera), tendo en conta ademais a sinalización viaria final dos pavimentos a repoñer. No caso dos viarios, deberá repoñerse todo o viario afectado polas obras con pavimentos ou firmes con capacidade suficiente para soportar o tráfico de vehículos pesados xerados no porto. Previamente ao inicio dos traballos de reposición deberá contarse coa aprobación expresa dos servizos técnicos de Portos de Galicia.
 - Adoptar as medidas e procedementos construtivos axeitados co fin de garantir en todo momento a normal explotación portuaria, no relativo



- á incidencia dos traballos no porto, en especial no referente á entrada e saída de embarcacións e dos vehículos do tráfico portuario.
- Garantir a reposición dos servizos afectados sen que se interrompa o servizo subministrado. Calquera obra de afección destes servizos deberá contar coa supervisión expresa do persoal de Portos de Galicia.
 - Tomar as máximas medidas de seguridade para evitar calquera tipo de polución ou contaminación tanto na zona portuaria coma nas proximidades, quedando expresamente prohibido o vertido de residuos ao mar, debendo cumprir en cada momento coa normativa vixente nestas materias.
 - Tendo en conta a natureza dos terreos da zona portuaria, deberanse establecer os procedementos construtivos axeitados e medidas de seguridade co fin de evitar calquera dano as persoas, edificacións e instalacións existentes.
 - Manter en bo estado o dominio público portuario, así como de mantelo en perfectas condicións de limpeza, hixiene e seguridade.
3. Calquera modificación do proxecto, así como a execución de obras non contempladas no mesmo, que afecte a bens e terreos portuarios, requirirá a previa autorización de Portos de Galicia.
4. Antes do comezo das obras deberá ter lugar a implantación delas, para o que Augas de Galicia citará ao Concello de Burela e a entidade pública empresarial Portos de Galicia, para delimitar e definir axeitadamente sobre o terreo as actuacións en zona portuaria. Neste acto concretarase sobre o terreo o trazado preciso dos elementos de saneamento, que poderá ser reaxustado co fin de facelo compatible coa normal explotación portuaria, debendo ter o visto bo da persoa titular da Xefatura da Zona Norte de Portos de Galicia.



En caso de modificación do establecido na acta de implantación, e previamente a calquera execución, citarase a comisión de seguimento establecida na cláusula cuarta quen resolverá as posibles discrepancias que puideran xurdir.

5. Entregar ao concello de Burela as obras que execute esta entidade en terreos de dominio público portuario, unha vez finalizadas, nos termos establecidos neste convenio e no Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, sen que isto implique alteración da titularidade ou cualificación xurídica dos bens e dereitos portuarios afectados.
6. No ámbito das súas facultades, afrontar e intentar resolver conforme aos principios de boa fe e lealdade, as dificultades ou problemas que podan xurdir no desenvolvemento deste convenio.

B. OBRIGAS DO CONCELLO DE BURELA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello de Burela obrígase a:

Respecto ás relacións coa entidade pública empresarial Portos de Galicia, unha vez que as obras estean rematadas, e dado que o concello asumirá a súa titularidade.

1. Explotar, conservar, manter e limpar as instalacións de saneamento e depuración actualmente existentes en terreos de dominio público portuario, en



tanto sexan compatibles estas tarefas coa execución das obras referidas neste convenio.

2. Asumir a explotación, conservación, mantemento e limpeza da obra realizada nos terreos de dominio público portuario, así como a asunción de todos os gastos necesarios para elo, incluídos os asociados aos consumos enerxéticos, de reactivos, de persoal e de xestión de residuos, desde o momento en que as obras sexan postas a disposición do concello por Augas de Galicia. Comprométese a solicitar a Portos de Galicia con carácter previo á finalización das obras a formalización do título administrativo que corresponda para regular a fase de explotación das obras existentes e construídas.

3 Asumir as responsabilidades que fronte a terceiros puidesen xurdir derivadas da posesión, disposición e utilización da infraestrutura de saneamento autorizada, quedando Portos de Galicia eximido de toda responsabilidade neste extremo.

4 Correr co pago de tódolos tributos que xere a explotación das instalacións de saneamento, incluída a repercusión que do IBI correspondente lle presentará Portos de Galicia, se non procedera a recoller estas instalacións no padrón do IBI como exentas deste imposto.

5 Cumprir coas seguintes condicións xerais de xestión da rede de saneamento dentro do porto de Burela

1. **INVENTARIO:** O Concello incorpora como Anexo II deste convenio a información detallada das canalizacións así como os elementos e instalacións ou puntos singulares que conforman cada rede de servizo municipal en chan portuario. En particular aporta:



a) Un listado a modo de inventario con indicación dos parámetros principais: (1) localizacións en coordenadas UTM incorporables a GIS do comezo e finalización dos tramos, conexións e elementos singulares (rexistros, puntos de vertido, cadros, etc.), (2) lonxitudes, (3) seccións, (4) materiais, e (5) outros parámetros que caractericen a rede como a súa capacidade (5a) e as acometidas existentes (5b).

b) Representación gráfica en plano .dwg editable dos elementos inventariados.

2. ORDENANZAS DE SERVICIOS E NORMAS RELACIONADAS: O Concello incorpora como Anexo III as ordenanzas reguladoras relacionadas cas prestacións dos servicios que prestará amparados nas obras convenio. Adicionalmente indicarse se o/s servicio/s se presta/n por xestión directa ou por terceiros en virtude de contrato administrativo.

3. ACTUALIZACIÓN DA INFORMACIÓN: Tanto o Anexo II coma o Anexo III deberán ser actualizados cada vez que unha modificación o requira. Será o Concello o que teña a obriga de remitir dita actualización xunto coa solicitude de modificación que quedará incorporada ao presente convenio.

4. MANTEMENTO E GARANTÍA DE SERVICIO: O Concello asume o mantemento ordinario e extraordinario da totalidade da rede da súa titularidade e/ou xestión e atenderá as avarias que se poidan producir nela, obrigándose á reparalas nos prazos establecidos nas súas ordenanzas . Calquera actuación deberá ser comunicada previamente á xefatura de zona de Portos de Galicia para a súa autorización. Débese acordar pola comisión de seguimento do convenio, que dará traslado para a súa aprobación polos órganos competentes. As ditas actuación, en todo caso, implicarán a actualización do inventario do anexo II. De ser preciso unha intervención de urxencia a dita comunicación extemporánea deberá acreditarse de xeito suficiente.



5. PERMISOS: O Concello é responsable de tódolos permisos relacionados coa prestación do servizo que se ampare nas obras obxecto de convenio, en particular de tódalas tramitacións relacionadas con puntos de vertido, control de calidade das augas ou legalización sectorial das redes e instalación ante os órganos competentes. Así como as autorizacións sectoriais en materia de medio ambiente e patrimonio cultural, no seu caso.

6. TRAMITACIÓN DE ENGANCHE Á REDE

a. O Concello (ou no seu caso a empresa xestora do Servizo) no marco das súas competencias será o responsable da tramitación das autorizacións de enganche ás redes que reciban dos particulares, sen prexuízo da execución da actuación que se detalla no punto 7.

b. As solicitudes que poida recibir Portos de Galicia que non proveñan do mesmo Concello ou de persoa xurídica subrogada na súa posición non serán admitidas e serán devoltas ao usuario non portuario.

c. Se a necesidade de enganche ou acometida provira dun usuario portuario, Portos de Galicia poderá decidir de xeito alternativo remitila ao Concello para a súa tramitación ou autorizar o dito enganche, incorporandoo ao correspondente título administrativo de titularidade do solicitante, de por si coa soa comunicación ao Concello de dita actuación, sendo neste caso Portos de Galicia o responsable da actualización do inventario e dos planos.

7. EXECUCIÓN DE ACOMETIDAS:

a. O Concello ou a persoa xurídica que actúe pola súa conta en virtude de contrato administrativo será o responsable da execución das obras autorizadas por Portos de Galicia.

Para a execución das acometidas solicitadas por particulares debera achegar o formulario descritivo da actuación, que poderá aglutinar varias acometidas a realizar sobre a mesma rede.

b. As canalizacións executaranse de acordo ás directrices indicadas por Portos de Galicia e se reporán cos pavimentos anteriores no seu defecto ou



segundo o indicado en cada autorización particular de obra, en función da tipoloxía do pavimento/s existente/s.

c. Se a execución da actuación se fai por empresa privada en virtude de contrato administrativo depositará esta aval polo importe da actuación. Admitirase a formalización dun único aval, con importe suficiente, que avale todas aquelas actuacións executadas o amparo do presente convenio, que non será inferior o 5% do importe da suma das actuacións que se poidan executar de xeito concorrente. A estes efectos o importe das obras será o orzamento de contrata co IVE incluído.

d. En ningún caso poderá ser executada a acometida por un particular.

8. CIRCUNSTANCIAS EXTRAORDINARIAS: Se por circunstancias extraordinarias Portos de Galicia considerase necesarias actuacións sobre as redes de servizos ou os propios servizos, reclamará ao Concello a adopción de medidas urxentes. Se estas non foran tomadas en prazo razoable, en todo caso superior a 10 días, poderá Portos de Galicia executalas por si mesmo e reclamar ao Concello os gastos incorridos.

9. LEGALIZACIÓN DA REDE E AUTORIZACIÓNS: Portos de Galicia en virtude de este convenio e a partir da súa firma legaliza as redes e instalacións obxecto do mesmo no concernente á ocupación de dominio público portuario. A vixencia e respecto das cláusulas deste convenio habilitan ao Concello para a xestión ordinaria das instalacións en chan portuario sen prexuízo da necesidade de comunicación das tarefas ordinarias e a autorización portuaria para as que impliquen obras ou modificacións así coma as que poidan supoñer interferencias para a operativa portuaria. Portos de Galicia comprométese a dar preferencia ás necesidades de servizo das redes e dar resposta no prazo inferior a 2 meses das solicitudes presentadas polo Concello, a contar dende que se produza o acordo da comisión de seguimento do convenio.



Condições particulares:

REDE DE SANEAMENTO:

S1. PARÁMETROS DE ENTRADA: O Concello garantirá que os caudais incorporados á rede de saneamento cumpran cos parámetros establecidos na lexislación de augas e vertidos.

S2. PARÁMETROS DE VERQUIDO E PUNTO DE VERQUIDO: O Concello garantirá que os caudais verquido ás augas cumpran cos parámetros establecidos na lexislación de augas e verquidos. Os puntos de verquido estarán localizados e debidamente legalizados ante o organismo de conca competente.

S3. ATENCIÓN A VERQUIDOS: O Concello responderá cos seus medios e á maior brevidade ante calquera verquido que se produza con orixe a súa rede.

INSTALACIÓNS E EDIFICACIÓNS AUXILIARES

E1. SEGURIDADE INDUSTRIAL: O Concello garantirá a seguridade das instalacións que sexan obxecto deste convenio.

E2. INSPECCIÓNS PERIÓDICAS: O Concello garantirá o mantemento correcto e a legalización industrial periódica dos elementos singulares das instalacións ao servizo deste convenio.

E3. ASPECTO EXTERNO E INTEGRACIÓN CO ENTORNO: O Concello garantirá a integración paisaxística das instalacións e Portos de Galicia poderá establecer criterios estéticos sobre as fachadas, cubertas e demais elementos visibles das instalacións e edificacións que dean servizo ao presente convenio. O Concello será responsable de levalas a cabo.

C. OBRIGAS DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Portos de Galicia obrígase a:

1 Autorizar a execución das obras do proxecto de referencia, podendo supervisar en calquera momento a súa execución. No caso de detectar desviacións ou



deficiencias na execución da obra, poñerá esta circunstancia en coñecemento da dirección da obra e, de existir dano, convocará inmediatamente á Comisión de Seguimento.

2 Poñer a disposición libres de cargas os terreos que resulten necesarios para a execución das obras na zona do Porto de Burela para o normal desenvolvemento das obras.

3 Autorizar a intervención de Augas de Galicia e do concello de Burela na zona do Porto de Burela para o cumprimento das obrigas derivadas deste convenio.

As anteriores autorizacións, nin os pactos e as obrigas estipuladas neste convenio, supoñen alteración da titularidade ou cualificación xurídica dos bens e dereitos portuarios afectados.

Calquera modificación do proxecto das obras que afecte á zona do Porto de Burela, deberá contar coa autorización expresa de Portos de Galicia.

TERCEIRA. ACTUACIÓNS PENDENTES DE APROBACIÓN

As condicións de colaboración previstas neste convenio para a execución das obras que se definen no proxecto "Mellora do sistema de saneamento de Burela. Fase I. Novo colector xeral de Burela. Burela (Lugo)", de clave OH.327.646 será aplicable para a execución das obras de "Mellora do sistema de saneamento de Burela. Nova EDAR de Burela. Burela (Lugo)", de clave OH.327.694 logo de que sexa aprobado o seu proxecto construtivo e se subscriba unha addenda deste convenio para recoller o dominio público portuario no que se desenvolverán as citadas actuacións.



CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de cada unha das partes para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

QUINTA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.



Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

SEXTA. MODIFICACION DO CONVENIO.

As modificacións formalizaranse mediante addenda a este convenio cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

SÉTIMA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de extinción do convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- A denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes.
- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

A este efecto o incumprimento poderá ser de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grado a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.



Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á comisión de seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados, estes prexuízos taxáranse contraditoriamente polas partes.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente da resolución do convenio.

No caso de extinción anticipada, por algunha das causas anteriores, e respecto ás actuacións en curso, a liquidación deste convenio axustarase ao que segue:

Remataranse as accións e expedientes administrativos xa iniciados que aínda estean sen rematar.

Sen prexuízo do anterior, o convenio, de acordo co art. 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.



OITAVA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

Este convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal dependente das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas cumprir con cantas obrigas legais que como empregadores lle correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio. Deste xeito, a subscrición do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes asinantes deste convenio e os profesionais e empresas que por conta das partes asinantes desenvolvan as actividades obxecto deste convenio; de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

NOVENA. RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS

Habida conta dos riscos que se poidan derivar na utilización das instalacións para o fin a que están destinadas, será responsabilidade do Concello de Burela responder dos danos que se deriven a terceiros polo cumprimento defectuoso das obrigas que asumen por medio de este convenio.

Esta responsabilidade establécese nos termos do artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réximen xurídico do Sector Público, e a competencia para instruír o procedemento de reclamación patrimonial, corresponderalle a Portos de Galicia.



DÉCIMA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

UNDÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

O artigo 49. h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, establece a duración máxima dos acordos en catro anos, agás que normativamente prevéxase un prazo superior. Este fundamento normativo, para o prazo superior deste acordo, está constituído polo artigo 57.5 da Lei sectorial 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, que ampara este tipo de acordo de ocupación de dominio portuario autonómico, durante o tempo que sexa preciso. Neste caso dado o obxecto e finalidade do acordo e por tratarse de uso de zona portuaria por un órgano da Administración Local a duración do acordo será de 15 anos, tendo en conta os efectos no tempo das relacións xurídicas dimanantes do acordo. O acordo entrará en vigor o día seguinte ao da súa firma, estendendo a súa vixencia por un período de 15 anos, e poderá prorrogarse por acordo expreso das partes.

No caso de extinción anticipada por causa de incumprimento dalgunha das partes, estarase ao previsto na cláusula sétima.

Esta vixencia se computará desde a data de sinatura pola última parte en realizala.



DUODÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento.

A presidenta de Augas de Galicia, Ethel María Vázquez Mourelle

A presidenta de Portos de Galicia, Susana Lenguas Gil

O alcalde de Burela, Alfredo Llano García

ANEXO I. Plano no que se reflicte o dominio público portuario no que se desenvolverá a actuación de clave OH.327.646


ANEXO II. Inventario

ANEXOO III. Ordenanzas reguladoras



**ANEXO I. PLANO NO QUE SE REFLECTE O DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO NO QUE SE
DESENVOLVERÁ A ACTUACIÓN DE CLAVE OH.327.646**





4834800
+ 632400

4834800
+ 633000

PROYECCIÓN U.T.M. ETRS89 HUSO 29

FUTURA EDAR
PROYECTO
INDEPENDIENTE

CONEXIÓN CONDUCCIÓN
VERTIDO ARQUETA
SALIDA EDAR EXISTENTE

CONEXIÓN RED EXISTENTE
HØ1000

CONEXIÓN RED EXISTENTE
HØ500

CONEXIÓN RED EXISTENTE
2Ø800

CONEXIÓN RED EXISTENTE
2Ø1000

CONEXIÓN RED EXISTENTE
HØ1000

CONEXIÓN RED EXISTENTE
HØ500

POZO DE BOMBEO

CONEXIÓN REBOSES 1

ETBAR

CONEXIÓN TEMPORAL
NUEVA IMPULSIÓN-EDAR EXISTENTE

CONEXIÓN REBOSES 2

CONEXIÓN SALIDA EDAR

CONEXIÓN ENTRADA EDAR

CONEXIÓN TEMPORAL BOMBEO
SECUNDARIO-NUEVA IMPULSIÓN

ZONA DE BAÑO
ELIMINADA DEL CENSO EN 2016

POZO DE BOMBEO LONJA EXISTENTE

●●●●● ZONA DE SERVICIO PORTO DE BURELA


EXISTENTE	
	RED GENERAL
	CONDUCCIÓN A ANULAR
	EMISARIO
	COLECTOR REBOSES
PROYECTADO	
	COLECTOR GENERAL TRAMO 1 PRFV Ø 1600
	COLECTOR GENERAL TRAMO 2 PRFV Ø 1200
	COLECTOR DIQUE PVC Ø 315
	COLECTOR "C" PVC Ø 315
	IMPULSIÓN EDAR PE100 Ø 400
	IMPULSIÓN SECUNDARIA EDAR PE100 Ø400
	IMPULSIÓN LONJA PE100 Ø 160
	ALIVIADERO POZO BOMBEO PVC DN Ø315
	CONEXIÓN REBOSES ETBAR Ø 1000
	VERTIDO EDAR PE100 Ø 400

ANEXO II. INVENTARIO






- | | |
|-----------------------|-----------------------------------|
| Lenda_ | ○ Pozos_Arquetas |
| Redes_Fecais_Pluviais | ■ Pozos |
| — Colector_Pluviais | — Direccions_Redes |
| — Colector_Fecais | - - - Tramo_rio_burela_canalizado |
| - - - Emisario | |


CONCELLO DE BURELA		 Concello de Burela Oficina Técnica
REDES DE SANEAMENTO_FECAIS_PLUVIAIS_Zona Porto de Burela		
Data_22_11_2022	Plano _ N° 0	
Escala_ 1:3,000		

CVE: 35bNDqzcsaS1
 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





- | | |
|-----------------------|-----------------------------------|
| Lenda_ | ○ Pozos_Arquetas |
| Redes_Fecais_Pluviais | ■ Pozos |
| — Colector_Pluviais | — Direccións_Red |
| — Colector_Fecais | - - - Tramo_rio_burela_canalizado |
| - - - Emisario | |


CONCELLO DE BURELA		 Concello de Burela Oficina Técnica
REDES DE SANEAMIENTO_FECAIS_PLUVIAIS_Zona Porto de Burela		
Data_ 22_11_2022	Plano _ Nº 1	
Escala_ 1:1,000		

CVE: 35bNDqzcsaS1
 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>






- | | |
|-----------------------|-----------------------------------|
| Lenda_ | ○ Pozos_Arquetas |
| Redes_Fecais_Pluviais | ■ Pozos |
| — Colector_Pluviais | — Direccions_Redes |
| — Colector_Fecais | - - - Tramo_rio_burela_canalizado |
| - - - Emisario | |


CONCELLO DE BURELA		 Concello de Burela Oficina Técnica
REDES DE SANEAMIENTO_FECAIS_PLUVIAIS_Zona Porto de Burela		
Data_ 22_11_2022	Plano _ Nº 2	
Escala_ 1:1,000		



4835620
4835590
4835560
4835530
4835500
4835470
4835440




- | | |
|-----------------------|-----------------------------------|
| Lenda_ | ○ Pozos_Arquetas |
| Redes_Fecais_Pluviais | ■ Pozos |
| — Colector_Pluviais | — Direccions_Red |
| — Colector_Fecais | - - - Tramo_rio_burela_canalizado |
| - - - Emisario | |

CONCELLO DE BURELA		 Concello de Burela Oficina Técnica
REDES DE SANEAMIENTO_FECAIS_PLUVIAIS_Zona Porto de Burela		
Data_ 22_11_2022	Plano _ Nº 3	
Escala_ 1:1,000		

CVE: 35bNDqzcsaS1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



4835620
4835590
4835560
4835530
4835500
4835470
4835440



Lenda_

Redes_Fecais_Pluviais

— Colector_Pluviais

— Colector_Fecais

- - - Emisario

○ Pozos_Arquetas

■ Pozos

— Direccións_Red

- - - Tramo_rio_burela_canalizado

CONCELLO DE BURELA

REDES DE SANEAMENTO_FECAIS_PLUVIAIS_Zona Porto de Burela

Data_ 22_11_2022


Escala_ 1:1,000

Plano_ Nº 4




Concello de Burela
Oficina Técnica






- | | |
|-----------------------|-----------------------------------|
| Lenda_ | ○ Pozos_Arquetas |
| Redes_Fecais_Pluviais | ■ Pozos |
| — Colector_Pluviais | — Direccions_Red |
| — Colector_Fecais | - - - Tramo_rio_burela_canalizado |
| - - - Emisario | |


CONCELLO DE BURELA		 Concello de Burela Oficina Técnica
REDES DE SANEAMIENTO_FECAIS_PLUVIAIS_Zona Porto de Burela		
Data_ 22_11_2022	Plano _ Nº 5	
Escala_ 1:1,000		

CVE: 35bNDqzcsaS1
 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





- | | |
|-----------------------|-----------------------------------|
| Lenda_ | ○ Pozos_Arquetas |
| Redes_Fecais_Pluviais | ■ Pozos |
| — Colector_Pluviais | — Direccións_Red |
| — Colector_Fecais | - - - Tramo_rio_burela_canalizado |
| - - - Emisario | |

CONCELLO DE BURELA		 Concello de Burela Oficina Técnica
REDES DE SANEAMIENTO_FECAIS_PLUVIAIS_Zona Porto de Burela		
Data_ 22_11_2022	Plano _ Nº 7	
Escala_ 1:1,000		

CVE: 35bNDqzcsaS1
 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>




4835620
4835590
4835560
4835530
4835500
4835470
4835440



632620 632650 632680 632710 632740

- Lenda_
- Redes_Fecais_Pluviais
- Colector_Pluviais
- Colector_Fecais
- Emisario
- Pozos_Arquetas
- Pozos
- Direccions_Red
- Tramo_rio_burela_canalizado

CONCELLO DE BURELA		 Concello de Burela Oficina Técnica
REDES DE SANEAMIENTO_FECAIS_PLUVIAIS_Zona Porto de Burela		
Data_ 22_11_2022	Plano _ Nº 8	
Escala_ 1:1,000		

CVE: 35bNDqzcsaS1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>




4835620
4835590
4835560
4835530
4835500
4835470
4835440




632680 632710 632740 632770 632800

- Lenda_
- Redes_Fecais_Pluviais
- Colector_Pluviais
- Colector_Fecais
- Emisario
- Pozos_Arquetas
- Pozos
- Direccions_Red
- - - Tramo_rio_burela_canalizado


CONCELLO DE BURELA		 Concello de Burela Oficina Técnica
REDES DE SANEAMIENTO_FECAIS_PLUVIAIS_Zona Porto de Burela		
Data_ 22_11_2022	Plano _ Nº 9	
Escala_ 1:1,000		

CVE: 35bNDqzcsaS1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>







- | | |
|-----------------------|-----------------------------------|
| Lenda_ | ○ Pozos_Arquetas |
| Redes_Fecais_Pluviais | ■ Pozos |
| — Colector_Pluviais | — Direccions_Red |
| — Colector_Fecais | - - - Tramo_rio_burela_canalizado |
| - - - Emisario | |

CONCELLO DE BURELA		 Concello de Burela Oficina Técnica
REDES DE SANEAMIENTO_FECAIS_PLUVIAIS_Zona Porto de Burela		
Data_ 22_11_2022	Plano _ Nº 10	
Escala_ 1:1,000		






- | | |
|-----------------------|-----------------------------------|
| Lenda_ | ○ Pozos_Arquetas |
| Redes_Fecais_Pluviais | ■ Pozos |
| — Colector_Pluviais | → Direccions_Red |
| — Colector_Fecais | - - - Tramo_rio_burela_canalizado |
| - - - Emisario | |

CONCELLO DE BURELA		 Concello de Burela Oficina Técnica
REDES DE SANEAMENTO_FECAIS_PLUVIAIS_Zona Porto de Burela		
Data_ 22_11_2022	Plano _ Nº 11	
Escala_ 1:1,000		






- | | |
|-----------------------|-----------------------------------|
| Lenda_ | ○ Pozos_Arquetas |
| Redes_Fecais_Pluviais | ■ Pozos |
| — Colector_Pluviais | — Direccions_Red |
| — Colector_Fecais | - - - Tramo_rio_burela_canalizado |
| - - - Emisario | |


CONCELLO DE BURELA		 Concello de Burela Oficina Técnica
REDES DE SANEAMIENTO_FECAIS_PLUVIAIS_Zona Porto de Burela		
Data_ 22_11_2022	Plano _ Nº 12	
Escala_ 1:1,000		

CVE: 35bNDqzcsaS1
 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>






- | | |
|-----------------------|-----------------------------------|
| Lenda_ | ○ Pozos_Arquetas |
| Redes_Fecais_Pluviais | ■ Pozos |
| — Colector_Pluviais | — Direccions_Red |
| — Colector_Fecais | - - - Tramo_rio_burela_canalizado |
| - - - Emisario | |


CONCELLO DE BURELA		 Concello de Burela Oficina Técnica
REDES DE SANEAMIENTO_FECAIS_PLUVIAIS_Zona Porto de Burela		
Data_ 22_11_2022	Plano _ Nº 13	
Escala_ 1:1,000		

CVE: 35bNDqzcsaS1
 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>






- | | |
|-----------------------|-----------------------------------|
| Lenda_ | ○ Pozos_Arquetas |
| Redes_Fecais_Pluviais | ■ Pozos |
| — Colector_Pluviais | → Direccions_Red |
| — Colector_Fecais | - - - Tramo_rio_burela_canalizado |
| - - - Emisario | |

CONCELLO DE BURELA		 Concello de Burela Oficina Técnica
REDES DE SANEAMIENTO_FECAIS_PLUVIAIS_Zona Porto de Burela		
Data_ 22_11_2022	Plano _ Nº 14	
Escala_ 1:1,000		






- | | |
|-----------------------|-----------------------------------|
| Lenda_ | ○ Pozos_Arquetas |
| Redes_Fecais_Pluviais | ■ Pozos |
| — Colector_Pluviais | → Direccions_Red |
| — Colector_Fecais | - - - Tramo_rio_burela_canalizado |
| - - - Emisario | |


CONCELLO DE BURELA		 Concello de Burela Oficina Técnica
REDES DE SANEAMIENTO_FECAIS_PLUVIAIS_Zona Porto de Burela		
Data_ 22_11_2022	Plano _ Nº 15	
Escala_ 1:1,000		

CVE: 35bNDqzcsaS1
 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





- | | |
|-----------------------|-----------------------------------|
| Lenda_ | ○ Pozos_Arquetas |
| Redes_Fecais_Pluviais | ■ Pozos |
| — Colector_Pluviais | → Direccións_Red |
| — Colector_Fecais | - - - Tramo_rio_burela_canalizado |
| - - - Emisario | |


CONCELLO DE BURELA		 Concello de Burela Oficina Técnica
REDES DE SANEAMIENTO_FECAIS_PLUVIAIS_Zona Porto de Burela		
Data_ 22_11_2022	Plano _ Nº 16	
Escala_ 1:1,000		

CVE: 35bNDqzcsaS1
 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>





- | | |
|-----------------------|-----------------------------------|
| Lenda_ | ○ Pozos_Arquetas |
| Redes_Fecais_Pluviais | ■ Pozos |
| — Colector_Pluviais | — Direccions_Red |
| — Colector_Fecais | - - - Tramo_rio_burela_canalizado |
| - - - Emisario | |

CONCELLO DE BURELA		 Concello de Burela Oficina Técnica
REDES DE SANEAMIENTO_FECAIS_PLUVIAIS_Zona Porto de Burela		
Data_ 22_11_2022	Plano _ Nº 17	
Escala_ 1:1,000		

CVE: 35bNDqzcsaS1
 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



ANEXO III. ORDENANZAS REGULADORAS



AYUNTAMIENTOS**BARALLA***Edicto*

Habiendo quedado definitivamente aprobado por el Pleno de esta Corporación el expediente de modificación de créditos número 2 de 1997, dentro del vigente Presupuesto municipal, por acuerdo adoptado en sesión celebrada el día 18 de diciembre de 1997, cuyo importe asciende a la cantidad de pesetas trece millones, de acuerdo con lo preceptuado y en cumplimiento a lo dispuesto en el artículo 158.2 en relación con el 150.3 de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, se hace público que, después de dicho expediente, el resumen por capítulos del Estado de Gastos, del referido Presupuesto queda de la siguiente forma:

Cap. 1.-Remuneración de personal	40.900.000 pesetas
Cap. 2.-Compra de bienes corrientes y de servicios	49.195.000 pesetas
Cap. 3.-Intereses	3.000.000 pesetas
Cap. 4.-Transferencias corrientes	3.150.000 pesetas
Cap. 6.-Inversiones reales	67.702.000 pesetas
Cap. 7.-Transferencias de capital	300.000 pesetas
Cap. 8.-Variación de activos financieros	—
Cap. 9.-Variación de pasivos financieros	1.100.000 pesetas
Suma total	165.347.000 pesetas

Lo que se hace público para general conocimiento y efectos.

Baralla, a 20 de enero de 1997.-El Alcalde, Manuel Jesús González Capón.

R. 38274000000328

BURELA*Anuncio*

Habiendo quedado elevado a definitivo el acuerdo de aprobación inicial del Reglamento del Servicio Municipal de Abastecimiento de Agua Potable y Saneamiento, de este Ayuntamiento, adoptado en sesión plenaria de fecha 19 de noviembre 1997, al no haberse presentado reclamaciones dentro del período de exposición pública de treinta días hábiles a contar desde la publicación del correspondiente anuncio en el B.O.P. de Lugo, de 4 de diciembre de 1997.

En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 70.2 de la Ley 7/1985 de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, se publica a continuación el texto íntegro del citado Reglamento, que entrará en vigor al día siguiente de la publicación del presente anuncio en el B.O.P. de Lugo, transcurrido en todo caso el plazo de quince días a que se hace referencia en el artículo 65.2

de la citada Ley, permaneciendo vigente hasta su modificación o derogación expresa.

Contra el acuerdo de la aprobación definitiva del mencionado Reglamento, se podrá interponer recurso contencioso administrativo ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia, en el plazo de dos meses a contar desde la publicación del presente anuncio en el B.O.P., de Lugo, conforme a lo dispuesto en el art. 58 de la Ley de Jurisdicción Contencioso-Administrativa de 27/12/1956, previa comunicación ante el órgano que dictó el acto impugnado conforme a lo dispuesto en el artículo 110.3 de la Ley 30/1992 de 26 de noviembre, sin perjuicio del ejercicio de cualesquiera otras acciones que se estimen pertinentes.

REGLAMENTO DEL SERVICIO MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO DE AGUA POTABLE Y SANEAMIENTO

CAPITULO I.**OBJETO, AMBITO DE APLICACION Y CONDICIONES DE SERVICIO.-****Artículo Uno.**

1.-El presente reglamento tiene por objeto establecer las normas respecto a las unidades de prestación de los servicios de suministro de agua potable y saneamiento en el municipio de Burela y sus características, regular las relaciones entre la Empresa y los usuarios, determinando sus respectivas situaciones, derechos, deberes y obligaciones básicas, así como recoger el ámbito de aplicación de precios y tarifas, y el régimen de infracciones y sanciones.

2.-A efectos de simplificación, en el presente reglamento se denomina "abonado" al usuario que tenga contratado el Servicio de Aguas y Saneamiento. El abonado debe ser titular del derecho de uso de la finca, local o industria.

3.-Se denomina "Concesionario" al adjudicatario de la gestión integral del Servicio Municipal de abastecimiento de agua potable y saneamiento, en virtud del contrato administrativo que rige la concesión del mismo.

Artículo Dos.

1.-Los Servicios de Abastecimiento de agua potable y Saneamiento del Municipio de Burela seguirán ostentando, en todo momento, la condición de Servicio Público Municipal del Excmo. Ayuntamiento de Burela.

2.-Los servicios a que afecta este reglamento quedarán sometidos permanentemente al control del Ayuntamiento de Burela, quien podrá revisar los trabajos realizados por el Concesionario, en todo momento o lugar, procurando no entorpecer la prestación de los mismos.

Artículo Tres.

Corresponde al Concesionario, con los recursos a su alcance:

a).- Planificar, proyectar, ejecutar, conservar y explotar las obras e instalaciones necesarias para captar, regular, conducir, depurar, almacenar y distribuir agua pota-

ble a la población del municipio de Burela, así como para recoger, conducir, separar y depurar las aguas residuales para su vertido a los cauces públicos, con arreglo a las condiciones que se fijan en este reglamento y en la legislación aplicable, utilizando al efecto los recursos y medios actualmente disponibles y los que en el futuro resulten de las inversiones que se realicen por el propio Concesionario, o le sean asignados, todo ello sin perjuicio de las iniciativas del propio Ayuntamiento.

La incorporación al Servicio de obras e instalaciones con posterioridad al comienzo de la concesión, exigirá la recepción de las mismas por el Ayuntamiento y la firma del acta por el concesionario de adscripción de las mismas al Servicio.

Incumbe al Concesionario la conservación, mantenimiento y explotación de las obras e instalaciones destinadas a abastecimiento y saneamiento de aguas que sean ejecutadas por el Estado, la Xunta de Galicia u otras Administraciones, una vez se produzca su entrega al Ayuntamiento de Burela, y la adscripción a los citados servicios.

b).-La tramitación y ejecución de acometidas de suministros de agua y saneamiento a todas aquellas personas o entidades que lo soliciten para su uso en edificios, locales y recintos situados dentro del área de su competencia, siempre que éstos reúnan las condiciones exigidas por este reglamento y hayan sido aprobadas por la Corporación Municipal.

c).-Suministrar agua a los usuarios, garantizando su potabilidad con arreglo a las disposiciones sanitarias vigentes, hasta la llave de registro (considerada, con carácter general, como inicio de las instalaciones interiores del abonado), así como efectuar la recogida de aguas fecales o residuales desde la arqueta situada en el límite de la propiedad del abonado con el dominio público.

d).-El Concesionario deberá cubrir, en su condición de gestor de las infraestructuras municipales, su eventual responsabilidad civil por daños causados a terceros suscribiendo una póliza de seguros adecuada, con una cobertura mínima de 100.000.000 ptas., por siniestro.

e).-Disponer de un servicio permanente para recepción de avisos de averías y para informaciones urgentes y aquellas anomalías que puedan producirse relacionadas con la prestación del servicio.

O presente documento regula os verquidos non domésticos de augas residuais á rede municipal de sumidoiros procedentes das actividades que se desenvolvan no termo municipal de Burela (Lugo).

Os efectos do presente regulamento, considérase verquido non doméstico toda materia residual sólida, pastosa, líquida ou gaseosa, incluíndo as augas de refrixeración, de lavado ou de proceso, resultantes da actividade manufactureira ou industrial ou do desenvolvemento, recuperación ou procesamento de recursos naturais.

Artigo 2.-

As normas contidas na presente ordenanza serán aplicables, a tódalas instalacións, establecementos, actividades, industrias ou almacéns, susceptibles de efectuar verquidos non domésticos de augas residuais, sexan públicas ou privadas, calquera que sexa o seu titular, existentes ou que no futuro se establezan, cando estean enclavadas no termo municipal, e que se denominarán xenericamente "actividades".

Artigo 3.-

Contense neste regulamento as condicións e limitacións dos verquidos non domésticos tendo en conta a súa afección á rede de sumidoiros, estacións depuradoras, medios receptores e o posible aproveitamento dos subprodutos, así como impedindo a xeración de riscos para o persoal encargado do mantemento das instalacións e para a saúde pública.

Artigo 4.-

Serán así mesmo aplicables ós dispositivos de evacuación de verquidos, ás acometidas á rede de sumidoiros, e en xeral ás instalacións establecidas para esta finalidade, tanto as normas contidas nos instrumentos de planeamento urbanístico ou de urbanización, como

ás regulacións sectoriais que lle afecten. En especial, toda actividade que use a rede pública de sumidoiros para evacuar os verquidos líquidos deberá dispoñer da correspondente identificación industrial.

TÍTULO II**CONDICIÓN DOS VERQUIDOS****CAPÍTULO I.- VERQUIDOS PROHIBIDOS.****Artigo 5.-**

Queda totalmente prohibido verter directa ou indirectamente á rede de sumidoiros augas residuais ou calquera outro tipo de refugallos sólidos, pastosos, líquidos ou gaseosos que, por razón da súa natureza, propiedades e cantidade causen ou poidan causar, por si só ou por interacción con outros refugallos, algún ou varios dos seguintes efectos sobre a rede de sumidoiros.

a).- Formación de mesturas inflamables ou explosivas.

b).- Efectos corrosivos sobre os materiais constituíntes da rede municipal de sumidoiros, as súas instalacións, as instalacións e equipos das estacións depuradoras ou a alteración ou destrución dos procesos de depuración.

c).- Creación de condicións ambientais molestas, nocivas, tóxicas ou perigosas que impidan ou dificulten o acceso ou a labor do persoal encargado da limpeza, mantemento ou funcionamento das instalacións, ou poidan ocasionar calquera molestia ou perigo público, e en concreto a formación de gases tóxicos nos colectores que superen as concentracións máximas que se recollen no Anexo II do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.

d).- Producción de sedimentos, incrustacións, ou outras obstrucións físicas que dificulten o libre fluxo da auga polos colectores, obstaculicen os traballos de limpeza, conservación e arranxo da rede de sumidoiros, como cinzas, borrarra, area, barro, palla, labra, vidro, plásticos, trapos, plumas, alquitrán, madeira, lixo, esterco, pezas metálicas, desperdicios de animais, pelo, vísceras, pezas de vaixela, amianto, envases de calquera material e outros análogas, sexan enteiras ou trituradas por motivos de desperdicios.

Artigo 6.-

Queda prohibido verter á rede de sumidoiros calquera dos seguintes produtos:

a).- Gasolinas, naftas, petróleo, e produtos intermedios de destilación, benceno, tolueno, xileno e calquera disolvente ou líquido orgánico inmiscible en auga e combustible ou inflamable.

b).- Todo tipo de aceites industriais con base mineral ou sintética, lubricantes que se volvesen inadecuados para o uso que se lles asignara inicialmente e, en particular, os aceites usados dos motores de combustión e dos sistemas de transmisión, así como os aceites minerais lubricantes, aceites para turbinas, sistemas hidráulicos e outras emulsións.

c).- Residuos que polas súas concentracións ou caracte-

terísticas tóxicas ou perigosas requiran un tratamento específico ou control periódico dos seus efectos nocivos potenciais, e en especial os regulados na lexislación de Residuos Tóxicos e Perigosos, os residuos líquidos ou augas residuais que conteñan policlobifenilos (PCB) ou policloreterfenilos (PCT).

d).- Augas residuais cun valor de pH inferior ó 6 ou superior ó 10.

e).- Disolventes orgánicos e pinturas, calquera que sexa a súa proporción e cantidade.

f).- Carburo cálcico e outras substancias sólidas potencialmente perigosas (hidruros, peróxidos, cloratos, percloratos, bromatos, nitruros, sulfuros, etc.).

g).- Refugallo, isótopos ou produtos radioactivos que superen os límites establecidos no Real Decreto 2519/82, de 12 de agosto, que aproba o Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes e na súa modificación aprobada por Real Decreto 1753/87.

h).- Residuos procedentes da limpeza de fosas sépticas.

i).- Tódolos residuos ou mesturas que conteñan substancias que non poidan ser eliminadas cos procesos de tratamento das estacións depuradas de augas residuais urbanas ou que non sexan verquidos tolerados ou atípicos, conforme os artigos seguintes.

CAPÍTULO II.- VERQUIDOS TOLERADOS.

Artigo 7.-

Tódalas actividades que vertan ou poidan verter á rede de sumidoiros substancias contaminantes as que fai referencia a relación I do Anexo ó Título III do Regulamento do Dominio Público Hidráulico deberán declara-las concentracións de verquidos das devanditas substancias ós efectos de autoriza-lo verquido á rede de sumidoiros.

Permitirase o verquido á rede de sumidoiros municipal a aqueles efluentes que atendidas as súas características non superen o establecido a continuación para os seguintes parámetros físico-químicos.

Parámetro	Unidade	Máximo instantáneo
Temperatura	°C	40
Sólidos en suspensión	mg/l	600
Sólidos sedimentables	mg/l	5
pH	unidades	6-10
DB05	mg/l	600
DQO	mg/l	1.500
Aceites e graxas	mg/l	100
Fenois	mg/l	5
Deterxentes aniónicos	mg/l	12
Aldehídos	mg/l	4
Pesticidas	mg/l	0,2

Cloruros (Cl.)	mg/l	2.000
Sulfatos (SO42-)	mg/l	2.000
Sulfatos (503 2-) mg/l	mg/l	10
Fluoruros (F-)	mg/l	10
Cianuros (CN-)	mg/l	1
Amoníaco (NH3)	mg/l	30
Nitratos (NO3-)	mg/l	20
Nitróxeno total Kjeldahl	mg/l	50
Fosfatos (PO4 3-)	mg/l	60
Aluminio (Al)	mg/l	10
Arsénico (As)	mg/l	1
Bario (Ba)	mg/l	20
Boro (B)	mg/l	5
Cadmio (Cd)	mg/l	0,2
Cobalto (Co)	mg/l	0,2
Cobre (Cu)	mg/l	0,5
Cromo total (Cr)	mg/l	4
Cromo hexav (Cr6+)	mg/l	0,5
Ferro (Fe)	mg/l	10
Manganeso (Mn)	mg/l	2
Mercurio (Hg)	mg/l	0,5
Molibdeno (Mo)	mg/l	0,2
Niquel (Ni)	mg/l	2
Chumbo (Pb)	mg/l	0,7
Selenio (Se)	mg/l	0,5
Estaño (Sn)	mg/l	5
Zinc (Zn)	mg/l	5
Sulfuros	mg/l	5
Prata (Ag)	mg/l	2

Os límites para os metais entenderanse como metais totais e non como metais disoltos.

Artigo 8.-

Co fin de garantir un réxime de verquidos regular e continuo, quedan prohibidos aqueles verquidos periódicos ou espontáneos cando a súa concentración ou caudal excedan durante un prazo de quince minutos en mais de cinco veces o promedio da concentración o caudal de verquido durante a xornada laboral.

Cando resulten necesario para o cumprimento do presente artigo, deberán instalarse pretratamentos de homoxeneización e neutralización, e en particular depósitos de regulación.

O disposto nos apartados anteriores non afectaría ó necesario respecto das demais esixencias contidas neste regulamento.



CAPÍTULO III.- VERQUIDOS ATÍPICOS.

Artigo 9.-

Serán obrigatoria a adopción de medidas axeitadas para evita-las descargas accidentais de verquidos que infrinxan o establecido no presente regulamento.

Se se producise situación de emerxencia ou de risco inminente, de producirse un verquido inusual, a persoa titular da actividade comunicará automaticamente ó Concello de Burela tal circunstancia a fin de adopta-las medidas oportunas de protección das instalacións públicas e dos medios receptores. Seguidamente remitirá ó Concello un informe detallado no que se conterán os seguintes datos:

- Características físico-químicas do verquido.
- Volume do verquido.
- Duración.
- Lugar da descarga.
- Causas que se orixinaron.
- Medidas adoptadas e correccións para evita-la súa reprodución no futuro.

O Concello investigará as causas que motivaron a situación de emerxencia ou de risco sen prexuízo das responsabilidades en que incorrese a persoa titular da actividade.

TÍTULO III

AUTORIZACIÓNS DE VERQUIDO

CAPÍTULO I.- AUTORIZACIÓNS DE NOVAS INSTALACIÓNS.

Artigo 10.-

Tódalas solicitudes de licenza municipal de actividades e instalacións que orixinen ou poidan orixinar verquidos de augas residuais non domésticas á rede de sumidoiros deberán acompañarse da correspondente autorización de verquido e dunha copia da declaración de verquidos feita á concesionaria da xestión integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de este Concello.

A autorización de verquido será concedida pola concesionaria conforme á declaración de verquidos subscrita polo peticionario e o técnico redactor competente, tendo un carácter xeral para tódolos verquidos líquidos producidos pola actividade.

A información descritiva a aportar na declaración de verquidos de augas residuais á rede de sumidoiros incluírá os seguintes apartados:

a).- Datos xerais: Nome da empresa, dirección, actividade, número C.N.A.E. (3 díxitos), clase de actividade segundo o Regulamento do Dominio Público Hidráulico (R.D. 849/86), quendas de fabricación, días produtivos/ano e N.I.F.

b).- Subministro de auga: Caudal total anual, medio diario e máximo horario para os casos de abastece-

mento municipal ou abastecemento de augas superficial ou subterránea.

c).- Materias primas, produtos e procesos: Cantidades anuais de materias primas principais, produtos principais e aditivos empregados, denominación e descrición dos procesos que empregan auga, usos da auga, caudais e tempo de uso.

d).- Efluentes líquidos de verquido continuo: Augas fecais, augas de refrixeración, augas de proceso e augas de lavado.

e).- Efluentes líquidos de verquido discontinuo: Descrición de verquido líquido residual, proceso que o xenera, cantidade producida e horario das descargas.

f).- Sistema de seguridade para o caso de descargas accidentais.

O Concello de Burela deseñará os modelos de impreso para o desenvolvemento da Declaración de Verquidos.

A concesión de autorizacións de verquido á rede de sumidoiros estará condicionada á obtención da licenza municipal de instalación á actividade de que se trate e ó control preventivo do cumprimento do presente regulamento.

A tal fin, nos proxectos de instalación de actividades afectadas polo R.A.M.I.N.P. que orixinen ou poidan orixinar verquidos non domésticos de augas residuais á rede de sumidoiros, a declaración de verquidos incluírá un estudio xustificativo sobre as medidas correctoras previstas para que os verquidos de augas residuais cumpran o estipulado no presente regulamento.

Este estudio conterá como mínimo:

a).- Usos da auga.

Baixo este epígrafe terán que reflectirse, como mínimo, cada un dos distintos usos industriais da auga:

1.- Caudais e características físico-químicas de cada un dos efluentes líquidos residuais sen tratar.

2.- Localización dos efluentes líquidos residuais (punto de conexión co saneamento ou coa instalación correctora), sinalando no plano de planta.

b).- Medidas correctoras aplicadas.

Xustificaranse sempre que as características do total dos caudais empregados nas instalacións obxecto do proxecto de actividade, non cumpran os límites tolerados relacionados no artigo 7 do presente regulamento.

Esta xustificación conterá, cando menos, os seguintes apartados:

1.- Tipo de tecnoloxía a empregar.

2.- Descrición das instalacións de depuración ou eliminación para os efluentes líquidos xenerados.

3.- Localizacións das instalacións de depuración e eliminación, da arqueta ou rexistro individual, e do verquido líquido final ó saneamento municipal, grafiados en plano de planta.



4.- Características físico-químicas do verquido unha vez tratado.

c).- Información sobre os residuos perigosos xerados:

- 1.- Residuos fangosos.
- 2.- Aceites usados.
- 3.- Outros residuos tóxicos e perigosos.

4.- Destino que se lles dan ós subprodutos orixinaos na depuración, se os houbese, en función das súas características, segundo o estipulado no R.D. 833/1988, de 20 de xullo.

Cando os datos consignados na declaración de verquidos non estean debidamente acreditados ou existan indicios racionais de anomalías nos datos presentados, poderá requirirse ó interesado ou petionario para que presente unha análise do verquido feito por un laboratorio homologado. O técnico redactor competente e o petionario serán responsables dos datos consignados na declaración de verquidos.

As actividades clasificadas que orixinen ou poidan orixinar verquidos directos de augas residuais a leitos ou augas subterráneas, ou dende terra ó mar, deberán solicita-la autorización de verquido de augas residuais ó órgano administrativo competente, con carácter previo á solicitude da licenza municipal de actividades e instalacións, debendo adxunta-lo xustificante correspondente coa mesma.

Artigo 11.-

A autorización de verquido á rede de sumidoiros estará condicionada á comprobación do establecemento e eficacia das medidas correctoras contidas no proxecto de instalación ou fixadas na licenza de instalación para o que deberá dispoñerse de licenza de apertura ou autorización de posta en marcha e de acordo no seu caso, co procedemento establecido para a concesión de licencias de actividades clasificadas.

As solicitudes de autorización de verquido formuladas polos interesados resolveranse nun prazo máximo dun mes e coa maior celeridade posible. Na autorización de verquido poderán establecerse limitacións e condicións con respecto ós valores máximos e medios permitidos nas concentracións de contaminantes, características físico-químicas das augas residuais verquidas, límites de caudal de verquido, horario das descargas, instalacións de depuración, frecuencia de mostraxe e medicións, mantemento, informes técnicos, libro de rexistro e condicións complementarias que garanten o cumprimento do presente regulamento.

A comprobación da declaración de verquidos líquidos é vinculante para a posta en marcha e funcionamento de cada actividade ou industria clasificada, tendo a devandita autorización de verquido carácter provisional ata a realización de dita comprobación polo Concello. Dita comprobación realizarase por persoal competente (persoal municipal acreditado e/ou persoal técnico (a concesionaria do servizo), para o cal o petionario da licenza de actividade ou industria clasificada

dispón dun prazo de vinte días para solicita-la logo da concesión da alta de abastecemento e saneamento pola concesionaria.

Cando sexa desfavorable a comprobación de verquidos líquidos, a concesionaria dará de contado de baixa do servizo a actividades mentres non se subsanen as deficiencias observadas. A declaración de verquidos, a autorización de verquido e a comprobación de verquidos líquidos son os documentos básicos para o control dos verquidos non domésticos de augas residuais. Coa comprobación de verquidos poderán anularse, modificarse ou ampliarse as condicións e limitacións impostas na autorización de verquido. Toda a información acadada será incluída no correspondente inventario ou rexistro de verquidos á rede de sumidoiros conxuntamente coa identificación industrial.

Artigo 12.-

Cando pola natureza do verquido se precisen ensaios posteriores ou comprobación do funcionamento das instalacións, e previa solicitude do titular, fixarase o prazo para efectuar os ensaios ou comprobacións e á súa finalización a persoa interesada solicitará a autorización do verquido.

Durante o indicado prazo poderanse conceder permisos provisorios de subministro de auga. Non obstante, tódalas autorizacións de verquido á rede de sumidoiros son revisables como máximo cada catro anos, podendo ser revocadas en caso de incumprimento das súas condicións, para o cal deberán ser semellantes os datos procedentes do control municipal e aqueles procedentes do autocontrol da empresa.

Para poder realizar cambios no verquido con respecto ós datos declarados deberase solicitar novamente autorización. O Concello de Burela poderá en calquera momento esixir os datos do autocontrol ás actividades cun caudal de abastecemento e/ou de autoabastecemento de auga igual ou superior os 3.000 m³ no último ano, estando obrigados a levar un rexistro con cando menos os parámetros explicitados tanto na autorización de verquidos e como na comprobación de verquidos líquidos durante os últimos catro anos, para verificar que os verquidos non superen as limitacións establecidas no presente regulamento. Para isto, o titular da autorización de verquido tomará as mostras e realizará as análises correspondentes coa periodicidade fixada, remitíndoos anualmente ó Concello de Burela durante os primeiros catro anos.

Artigo 13.-

A existencia de autorización de verquido será necesaria para formaliza-los contratos de subministro de auga ás actividades e para a concesión da licenza municipal de actividades e instalacións.

CAPÍTULO II.- INSTALACIÓNS EXISTENTES.

Artigo 14.-

As instalacións en funcionamento e que dispoñan de licenza municipal de actividades e instalacións no momento da entrada en vigor do presente regulamento,



deberán axustarse ós límites e condicións de verquido da mesma no prazo DUN ANO prorrogable por outro ano máis presentando previamente o proxecto de adaptación e se existen razóns que así o xustifiquen. Durante o indicado prazo deberán respectarse os límites fixados na normativa vixente con anterioridade.

Artigo 15.-

As actividades ás que se refire o artigo anterior disporán dun prazo de seis meses para presentar no Concello e a través da concesionaria, unha declaración de verquidos na que se inclúa un estudio sobre o caudal e o seu réxime, concentración de substancias e características para as que se establecen limitacións no presente regulamento, así como as medidas correctoras necesarias para adaptarse ás determinacións do presente regulamento, conforme ó sinalado nos artigos 10 e 11.

As instalacións en funcionamento e que dispoñan de licenza municipal de actividades e instalacións no momento de entrada en vigor do presente regulamento, que pretendan verter ó saneamento de nova construción, deberán presentar con carácter previo a correspondente declaración de verquidos, ós efectos da posible autorización do verquido non doméstico, conforme ó sinalado nos artigos 10 e 11.

Tódalas actividades en funcionamento sen licenza municipal de actividades e instalacións que orixinen ou poidan orixinar verquidos de augas residuais que pretendan verter á rede de sumidoiros deberán solicita-la correspondente licenza municipal de actividades e instalacións, tramitándose conforme ó sinalado nos artigos 10 e 11, e sen prexuízo do cumprimento da legalidade urbanística, especialmente no caso daquelas actividades sometidas ó regulamento sobre actividades clasificadas.

CAPÍTULO III.- MODIFICACIÓNS DE INSTALACIÓNS.

Artigo 16.-

Non poderán autorizarse ampliacións ou modificacións a instalacións existentes de non se respectaren no conxunto das instalacións ampliadas ou modificadas as condicións esixidas para as novas instalacións.

Artigo 17.-

Calquera modificación que o/a titular dunha instalación desexe introducir nas materias primas, maquinaria, proceso produtivo, sistema de depuración ou de saneamento que poida afecta ó réxime de verquidos á rede de sumidoiros deberá poñerse en coñecemento do Concello para autorizala ou impoñer no seu caso as correccións oportunas.

Artigo 18.-

En todo caso, o Concello poderá requiri-las actividades instaladas para que procedan a corrixi-las deficiencias que observasen a fin de cumprí-las esixencias contidas no presente regulamento e nas mesmas condicións que as novas instalacións.

TÍTULO IV

CONTROL DE VERQUIDOS

CAPÍTULO I.- INSPECCIÓN DE VERQUIDOS.

Artigo 19.-

O Concello de Burela, a través dos seus servizos de inspección e da concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento, exercerá de oficio a inspección e vixilancia periódicas das actividades que vertan á rede de sumidoiros.

A inspección e vixilancia alcanzará ás instalacións das actividades que poidan afecta-la calidade do verquido, e en especial as arquetas de rexistro, as conducións de saneamento, os procesos produtores de verquidos e as plantas de pretratamento u depuración de augas.

Artigo 20.-

As visitas de inspección xiraranse por persoal inspector competente (persoal municipal debidamente acreditado ou persoal técnico da concesionaria) sen que se requira a previa advertencia ó titular da actividade.

Os/as titulares das actividades deberán facilita-la práctica da inspección, e a tal fin, estarán obrigados ás seguintes actuacións:

a).- Facilita-lo acceso do persoal inspector ás distintas instalacións relacionadas co verquido así como a montaxe do equipo e instrumental de control.

b).- Permitta-la utilización de cantos instrumentos utilice a empresa coa finalidade de autocontrol, especialmente aqueles destinados para medida de caudais, toma de mostras e análises correspondentes.

c).- Poñer á disposición do persoal inspector os datos, partes de traballo, análises, libro de rexistro e canta información requiran en relación coa inspección.

Da inspección levantarase acta por triplicado que asinarán ou o inspector e a persoa reponsable da actividade no momento de realizarse a inspección e farase constar no libro de rexistro de visitas.

O libro rexistro de visitas será facilitado polo Concello de Burela e a persoa titular da actividade deberá gardalo e poñelo a disposición do persoal inspector competente cando así o soliciten en cada visita.

Poderase recoller unha mostra do verquido de augas residuais por triplicado que quedará precintada e etiquetada. Neste caso, conxuntamente entregarase ó interesado co exemplar da acta de inspección, unha das mostras tomadas, deixándose outra mostra en depósito para a posible análise dirimente. Se no momento da inspección non estivese presente a persoa titular ou responsable da actividade ou se negase a toma-la devandita mostra do verquido, esta quedará en depósito dispoñendo ó interesado de 24 horas a partir da recollida oficial para retira-la.

Transcorrido este prazo decae no dereito de face-la análise contraditoria por tratarse dun produto que pode modifica-las súas características físicas, químicas e biolóxicas co paso do tempo. No caso de face-la análi-



se contraditoria, deberá presentarse nas instalacións municipais co técnico analista designado nas 24 horas seguintes á recolleita oficial, portando a mostra que obra no seu poder.

Transcorrido este prazo tamén decae no seu dereito a facer dita análise. Os parámetros analíticos serán os especificados na comprobación de verquidos líquidos ou, no seu defecto, na autorización de verquidos, pero en todo caso deberán ser cando menos os seguintes: pH, condutividade, sólidos en suspensión, DB05, DQO e aceites e graxas.

Artigo 21.-

Os titulares das actividades deberán remitir ó Concello un informe periódico no que se sinale a definición da carga contaminante que verten e incluírán os caudais de verquido, a concentración de contaminantes, a duración e demais elementos necesarios para a súa definición.

A periodicidade do informe será establecida en cada caso pola Alcaldía en atención ós resultados das inspeccións practicadas polo Concello e dos niveis de carga contaminante que se comprobren, así como do caudal verquido.

CAPÍTULO II.- MOSTRAXE DE VERQUIDOS.

Artigo 22.-

Serán obrigatoria a existencia de saneamento independente para cada actividade ata conectar coa rede municipal de sumidoiros; e a tal fin, nas operacións de división de pavillóns existentes mantendo a unidade parcelaria ou nas edificacións apegadas nunha mesma parcela deberán establecerse saneamentos independentes para cada unha das unidades edificatoria.

Artigo 23.-

Con independencia doutras arquetas comúns e antes destas, tódalas actividades, instalacións industriais ou industrias que vertan á rede municipal de sumidoiros, disporán dunha única arqueta ou rexistro individual para o verquido das augas residuais, que recolla todas aquelas que proveñan da actividade, e que deberá estar situada dentro da súa parcela, augas abaixo do derradeiro verquido, nun lugar accesible dende o exterior para os servizos de inspección, libre de todo obstáculo e atoparse en adecuado estado de limpeza para a súa función.

As súas dimensións e características deberán ser tales que permitan ós Servizos Técnicos Municipais tanto a recollida de mostras como a determinación do caudal verquido para o cal o Concello de Burela establecerá unha arqueta-tipo para o control individual de efluentes industriais, debendo axustarse a mesma.

Artigo 24.-

As actividades en funcionamento á entrada en vigor da presente ordenanza disporán dun prazo de seis meses para a instalación da arqueta para toma de mostras nas condicións establecidas no presente regulamento. Esta esixencia deberana cumprir estritamente tódalas actividades que pertencen a algún dos grupos

seguintes:

1.- Actividades cun caudal de abastecemento e/ou de autoabastecemento igual ou superior a 3.000 m³ no derradeiro ano.

2.- Actividades que superen, ou poidan superar, nalgún momento algunha das limitacións contempladas no artigo 7 deste regulamento.

Este prazo ampliarase a un ano para aquelas actividades que precisen realizar obras de independización de redes de saneamento común a varias actividades, ou que precisen realizar obras para unifica-los verquidos dunha soa actividade nunha única arqueta.

Artigo 25.-

Cando o caudal e a carga contaminante do verquido o fagan aconsellable para un control continuo de determinadas actividades especialmente contaminantes, o Concello esixirá a instalación dos equipos de medición de aforo, toma de mostras e control precisos.

Estes equipos de alerta, que serán propiedade dos titulares das actividades e se instalarán no lugar que o Concello sinale, deberán atoparse en adecuado estado de conservación.

Artigo 26.-

A técnica na toma de mostras variará segundo a determinación a realizar. Para verquidos prohibidos, a toma de mostras poderá ser instantánea, tomada en calquera punto da instalación de saneamento e en calquera momento.

Para verquidos tolerados, a toma de mostras realízase na arqueta final de verquido, terá unha duración mínima de unha hora e proporcional ó tempo de verquido e farase de acordo co estándar internacional ISO 5667-10 ou norma equivalente.

CAPÍTULO III.- CONTROL ANALÍTICO DE VERQUIDOS.

Artigo 27.-

As mostras recollidas polos servizos municipais de inspección analizaranse inicialmente no laboratorio municipal. Non obstante, o persoal inspector poderá determinar "in situ" aqueles parámetros que poidan ser analizados deste xeito mediante técnicas normalizadas, o cal reflectirá na correspondente acta.

Artigo 28.-

As análises para comproba-las características dos verquidos efectuaranse de acordo cos métodos patrón adoptados polo laboratorio municipal, conforme ó disposto na lexislación sobre métodos oficiais para augas, ou no seu caso no Standard methods for the examination of water an wastewater.

Artigo 29.-

No caso de disconformidade cos resultados da mostra inicial, a persoa interesada poderá realizar unha análise contraditoria coa mostra que obra no seu poder debidamente precintada.



A tal fin a/o interesada/o disporá dun prazo de oito días dende a recepción dos resultados obtidos no laboratorio municipal para notificar que un laboratorio homologado ou admitido previamente polo Concello aceptou a mostra, ou que o laboratorio elixido é o laboratorio municipal.

Cando o laboratorio fose un laboratorio homologado, a persoa interesada disporá dun prazo dun mes dende a notificación da análise inicial para presentar ó Concello os resultados analíticos. Se non se presentase a análise en dito prazo estarase ó resultado da análise inicial.

Se a análise contraditoria se fixese no laboratorio municipal, o interesado poderá designar técnico competente para estar presente nos ensaios pertinentes, e o resultado entregárase ó/a interesado no prazo de un mes dende a notificación da análise inicial.

Artigo 30.-

Caso de que os resultados da análise inicial e da contraditoria non sexan coincidentes en canto ó cumprimento ou non dos límites de verquido fixados neste regulamento, procederase á práctica dunha análise dirimente.

Esta análise practícarase no laboratorio homologado que designe o Concello ou naquel sen estar homologado acorden o Concello e a persoa interesada.

A análise realizarase sobre a mostra dirimente precintada que obre en poder do Concello conforme ó procedemento a que se refiren os artigos 20 e 26.

Os resultados desta análise determinarán o cumprimento ou incumprimento dos límites marcados no presente regulamento, sendo o seu custo aboado por quen presente unha análise que non coincida coa análise dirimente.

TÍTULO V

SUSPENSIÓN DE VERQUIDOS E DE ACTIVIDADES, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Artigo 31.-

O Alcalde poderá ordenar motivadamente a suspensión inmediata do verquido dunha actividade cando careza da autorización de verquido, o verquido incumpra as condicións establecidas na autorización de verquido ou na comprobación de verquidos líquidos, ou motivadamente cando os verquidos supoñan unha situación de risco grave para as instalacións públicas de saneamento, a saúde pública ou o medio ambiente.

Igualmente, poderá aplicarse cando as actividades realicen verquidos contaminantes ás augas superficiais ou subterráneas, ou dende terra ó mar que supoñan un risco grave ou danen os recursos naturais e o medio ambiente do termo municipal de Burela.

Poderá precintarse a actividade, dala provisionalmente de baixa do Servizo de Abastecemento de Auga e Saneamento e adoptar conxuntamente outras medidas que permitan asegurala efectividade da suspensión cautelar. A actividade causante do verquido deberá axeiatalo seu verquido ó presente regulamento e ás condi-

cións particulares da autorización de verquido e da comprobación de verquidos, así como á lexislación ambiental aplicable vixente.

Consideraranse faltas ó presente regulamento as seguintes infraccións:

a).- A carencia de autorizacións ou permisos para o exercicio da actividade e posta en marcha e funcionamento das instalacións, así como o incumprimento das condicións esixibles nas devanditas autorizacións.

b).- A utilización da rede de sumidoiros sen a autorización de verquido, o incumprimento das condicións fixadas na autorización de verquido e na comprobación de verquidos líquidos ou o incumprimento da obriga de declararlas concentracións de calquera das substancias contaminantes os que fai referencia a relación 1 do anexo ó título III do Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

c).- A resistencia ou demora para á instalación dos elementos correctores que fosen esixidos na aplicación do presente regulamento.

d).- O incumprimento dos prazos de adaptación das actividades existentes ás esixencias que para unha axeitada inspección se establecen nos artigos 15 e 24.

e).- A posta en funcionamento de aparellos ou instalacións prohibidos ou clausurados.

f).- A emisión de verquidos prohibidos ou que incumpran os límites para a súa tolerancia, así como a superación dos límites fixados para verquidos periódicos ou esporádicos no artigo 8.

g).- A falta de advertencia ó Concello da existencia dunha situación de emerxencia ou de risco inminente para as instalacións da rede de sumidoiros ou de depuración, así como a falta de remisión do oportuno informe posterior á situación de emerxencia ou risco.

h).- A omisión das medidas procedentes para diminuí-las descargas accidentais por enriba dos límites do presente regulamento.

i).- A obstaculación do labor inspector en relación coa vixilancia do cumprimento do presente regulamento.

j).- A falta de mantemento das instalacións de verquido que dificulten as labores de inspección.

Artigo 32.-

As faltas serán sancionadas con multa de ata 3.000 euros e clausura temporal ou definitiva das instalacións.

A sanción de clausura temporal ou definitiva soamente poderá ser imposta logo da imposición de tres multas, coa excepción de que a falta cometida fose a carencia de autorizacións ou permisos para o exercicio da actividade, ou o incumprimento de calquera das condicións que sexan esixibles nas devanditas autorizacións. En tal caso, poderase impoñer a clausura ata que se concedan as autorizacións ou sexan cumpridas as condicións que fose esixibles.

Artigo 33.-

A sanción de clausura levará implícita a suspensión temporal ou definitiva no subministro de auga e



do saneamento á actividade de que se trate ou polo tempo en que dita clausura sexa acordada.

Artigo 34.-

A imposición de sancións non exclúe en ningún caso a obriga da persoa titular da actividade de reparalo dano causado e de responder dos danos producidos ás instalacións municipais. Neste último caso, a reparación será desenvolta polo Concello de Burela a costa do infractor. Se non se puidesen repoñer o seu estado anterior, o infractor deberá indemnizar polos danos e prexuízos ocasionados.

TÍTULO VI

NORMAS ADICIONAIS DE PROTECCIÓN. REXISTRO DE VERQUIDOS. RÉXIME FISCAL

Artigo 35.-

Na elaboración de plans que desenvolvan o Plan Xeral de Ordenación urbana de Burela que afecten a zonas onde se localicen actividades industriais, será preceptivo un estudo técnico sobre a previsible contaminación por verquidos residuais.

Artigo 36.-

A non presentación da oportuna declaración de verquidos non exime de obrigatoriedade de establecer as medidas correctoras que procedan, esixible de acordo coa normativa xeral e as normas contidas neste regulamento.

Artigo 37.-

O Concello de Burela elaborará un inventario ou rexistro de verquidos conforme ás declaracións de verquidos. Autorizacións de verquido e comprobacións de verquidos co obxecto de identificar, clasificar e regular os verquidos non domésticos de augas residuais.

De acordo co anterior rexistro e o que resulte das comprobacións efectuadas, o Concello de Burela cuantificará periodicamente as diversas clases de verquidos. A concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento devolverá as devanditas funcións de control rutinario, en comunicación permanente cos servizos técnicos municipais competentes.

Artigo 38.-

Mediante a correspondente Ordenanza Fiscal Municipal, os titulares de verquidos de augas residuais satisfarán a taxa ou canón de verquido que se fixe.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativo, no prazo de 2 meses, contados dende a data de publicación, sen prexuízo do exercicio de calquera outro recurso que estime oportuno.

Burela, 20 de setembro de 2006.- O Alcalde, José González Barcia.

R. 04511

A FONSAGRADA

Edicto

Solicitando desta Alcaldía D^a MARIA ISABEL LÓPEZ ARIAS, en representación de AGROFONSAGRA, S.L. con CIF B 27324268, licencia municipal para "PROYECTO DE REFORMA DE LOCAL PARA TIENDA DE DISTRIBUCIÓN DE PIENSOS Y FITOSANITARIOS" a situar na Avda. Galicia nº 40-A Fonsagrada, cumprindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo -que comenará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia- poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

A FONSAGRADA, a 19 de setembro de 2006.- O ALCALDE, ilexible.

R. 04499

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Edicto

Aprobado inicialmente por el Pleno de la Corporación el presupuesto general para el ejercicio económico del 2006, la plantilla de personal y la relación de puestos de trabajo para dicho ejercicio, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 169.1 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo por el que se aprueba el texto refundido de la ley Reguladora de las Haciendas Locales y disposiciones concordantes, se expone al público en la Secretaría de este Ayuntamiento por el plazo de quince días hábiles contados a partir del día siguiente al de inserción de este edicto en el B.O.P., a fin de que durante el mismo puedan formularse las reclamaciones que se estimen pertinentes, las cuales deberán ser dirigidas al Sr. Alcalde-Presidente de este Ayuntamiento.

Negueira de Muñiz, a veinte de setembro de 2006.- El Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 04497

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Intentada a notificación aos herdeiros de don José Montes Silvosa da orde de execución de desbroce da parcela número 297 do polígono 24 do termo municipal de Outeiro de Rei, non se poido practicar por ignorarse o lugar de notificación.

De conformidade co previsto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, anúnciase aos interesados a posibilidade de comparecer no expediente no

